

## **MOCIÓN SOBRE HORAS EXTRAS NO CONCELLO**

PLENO 02 SETEMBRO 2015. ACTA 16/2015

Tendo coñecemento, a través de reiterados informes de Intervención, nos que se advirte da desigualdade e arbitrariedade na asignación de horas extras ao persoal do Concello, así como de procedementos non contemplados na lexislación vixente tales como:

- ✓ Vese que hai funcionarios que están recibindo de xeito habitual e continuado estas percepcións, o que fai que deixe de rexer a característica de extraordinarios que define as gratificacións.
- ✓ Recóllense as actuacións feitas polos empregados fora da súa xornada cando se solicita a existencia de crédito, que por outra banda, solicítase despois de terse realizadas.
- ✓ De meses anteriores existen peticións de consignación para horas extras xa realizadas e que estas non se puideran atender por falta de crédito orzamentario.
- ✓ Debería existir unha orde para realizar os traballos extraordinarios, traballos que salvo casos excepcionais, non deberían imporse ó persoal. Neste senso, por tanto, tampouco cabe que os empregados “pasen a minuta” por ditos traballos fóra da xornada se previamente o órgano competente autorizaran ou ordenaran que se realicen os traballos extraordinarios. Existe unha sensación de descoordinación na realización e tramitación dos aumentos de xornada do persoal ó servizo do Concello.
- ✓ Non queda tampouco claro nos casos nos que a realización de traballos fóra da xornada habitual supoñen o pagamento das mesmas e aqueles nos que son cambiados por descanso. E esta advertencia ven cada vez sendo mais necesaria recalca posto que algunhas das razóns para o paso das horas extras son ben chocantes. Non se está solicitando a existencia de crédito previamente á realización da hora extra ou o traballo fora da xornada laboral, e que as ditas horas se realizan cunha desatención e indiferenza ás previsións recollidas no orzamento, e iso a pesar das reiteradas advertencias que nestes informes ou nos dos orzamentos ven advertindo a Intervención.

En conclusión, as horas extras son:

- Arbitrarias
- Continuadas para determinados traballadores.
- Sen confirmar existencia de crédito.
- Asinadas de facerse se ter previa autorización.
- Pagadas como descanso ou economicamente sen criterio coñecido.

Así mesmo, é contrario ó establecido no artigo 12 do convenio deste Concello cando di que: “Tenderase á supresión dos traballos extraordinarios. En ningún caso, a realización destes terá

carácter habitual e continuado, limitándose a supostos de pautas de traballo, emerxencias e necesidades eventuais.”

**Por todo o anteriormente exposto, dende a Agrupación de Electores de Redondela propoñemos ao Pleno do Concello os seguinte acordo: Instar ao goberno local á:**

- 1. Creación con carácter inmediato dunha mesa de negociación, coa presenza do servizo de Intervención e representantes sindicais, cara a establecer un procedemento acorde coa lei.**
- 2. Creación dun listado ordenado de persoal disposto a facer horas extras e que se siga unha rigorosa orde de ofrecemento segundo a cualificación profesional correspondente e os servizos para os que se solicita.**
- 3. Solución con carácter inmediato da problemática dos Multiusos de Chapela e Redondela, adecuando os horarios aos dereitos dos traballadores.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*A corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que é necesaria a invitación aos Sindicatos para tratar os dous primeiros puntos, sendo 19 votos a favor (8 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).*

*O alcalde sinala que ten prevista unha reunión cos mesmos por outros motivos e que porá a cuestión no seu coñecemento, comprometéndose a convocar unha reunión antes do vindeiro Pleno.*